

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2007.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA E CINCO MINUTOS** do día **DEZ DE DECEMBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do señor tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **D<sup>o</sup> JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **D<sup>a</sup> MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO** e da Interventora Municipal **DONA ANA M<sup>a</sup> LOUREIRO SILVA**.

Non asiste: **D<sup>a</sup> OFELIA REY RECIMIL**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**3º.- CONTRATACIÓN.-**

**4º.- SUBVENCÍONS.-**

**5º.- URBANISMO.-**

**6º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-la acta correspondente á sesión do 16 de novembro de 2007.

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2.1.-** Escrito da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia - Ministerio de Fomento, Rexistro de Entrada nº 7728, de data 07 de decembro de 2007, comunicando que os vindeiros días 27 e 27 de decembro de 2007 procederase a efectuar o pago das cantidades sinaladas como xustiprecio das fincas afectadas pola expropiación con motivo das obras de construción da AP-53. Autopista de Peaxe: Santiago de Compostela-Ourense. Tramo:

Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo, nos términos municipais de A Estrada, Silleda e Lalín (Pontevedra) da que é concesionaria “Autopista Central Gallega, Concesionaria Española S.A.”.

A Xunta de Goberno Local acorda quedar enterada deste escrito e proceder a súa exposición pública no taboleiro de anuncios.

**2.2.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 7712, de data 05 de decembro de 2007, comunicando acordo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, celebrada o día 20 de novembro de 2007, en relación o expediente promovido por Dº Benito Mariño González para traslado de hórreo dentro da mesma finca situada no lugar de Freixeiro, nº 6, parroquia de Laro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslido do mesmo á oficina técnica municipal.

**2.3.-** Escrito de Espina&Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 7725, de data 05 de decembro de 2007, remitindo análise de control da auga correspondente a rede de distribución billa de consumidor (Silleda) e e rúa PPO, nº 19 (Bandeira), sendo realizadas ambas tomas en data 19.11.2007, e con resultado de auga apta para o consumo e auga apta para o consumo con non conformidade respectivamente.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda remitir o mesmo ó Sr. Fontanero Municipal.

**2.4.-** Escrito de Dª Luisa González Barrio, Rexistro de Entrada nº 7723, de data 05 de decembro de 2007, en calidade de Presidenta da Mesa Electoral das Eleccións a Órganos de Representación dos Funcionarios Públicos, comunicando que as eleccións sindicais dos funcionarios terán lugar o vindeiro día 12 de decembro de 2007, entre as 13,00 e 14,00 h.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.5.-** Escrito de catro veciños do lugar de Xindiriz, parroquia de Moalde, Rexistro de Entrada nº 7738, de data 07 de decembro de 2007, comunicando que no mencionado lugar estanse a executar obras de captación de augas que, supostamente, serán canalizadas para uso doméstico e que darán servizo á parroquia de Piñeiro, polo que solicitan comunicación de si estas obras contan cos permisos pertinentes, tanto do concello como da comunidade autónoma, e no caso contrario solicitan a paralización inmediata das mesmas ata que se dispoña de tales permisos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda facilitar a información solicitada polos veciños así como que, por parte do director das obras, se emita informe técnico relativo ó mantemento das condicións actuais dos mananciais trala realización das obras.

**2.6.-** Escrito de Dº Javier González Paz, en calidade de Apoderado da razón social “Explotación Minera de Campomarzo S.A.”, Rexistro de Entrada nº 7632, de data 03 de decembro de 2007, comunicando que por parte da Delegación Provincial de Pontevedra da

Consellería de Innovación e Industria estase a tramitar expediente de expropiación, a favor da Concesión Minera “Cuatro Amigos”, polo que solicitan que por parte do concello se identifique os titulares das parcelas nº 534, 537, 549 e 593, todas elas correspondentes o polígono 50, así como si teñen a vecindade no término municipal de Silleda e de ser así se comunique o seu domicilio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó encargado do Punto de Información Catastral, para que proceda a identificación dos propietarios das citadas parcelas.

**2.7.-** Escrito de Dº Javier González Paz, en representación da Explotación Minera de Campomarzo S.A., Rexistro de Entrada nº 7631, de data 03 de decembro de 2007, remitindo relación dos vertidos recepcionados durante o mes de outubro de 2007 no Vertedero de RCDs de Silleda”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

### **3º.- CONTRATACIÓN.-**

Non hai asuntos que tratar.

### **4º.- SUBVENCIONS.-**

#### **4.1.- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE SILLEDA**

Vista a Ordenanza Xeral de Subvencions do Concello de Silleda aprobada na sesión plenaria de 27 de xaneiro de 2.005.

Vista a convocatoria da subvención publicada no Boletín Oficial de la Provincia nº 185 do día 24 de setembro de 2.007.

Visto o informe de Intervención de data 3 de decembro de 2.007, no que se acredita que existe consignación suficiente para conceder a subvención

Visto o informe emitido en data 12 de novembro de 2.007 pola Comisión de Valoración constituída ó abeiro do disposto no artigo 6 das BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE SILLEDA, relativo á avaliación das solicitudes presentadas.

Vista a proposta provisional de resolución sobre a concesión das subvencions emitida polo órgano instructor e as alegacións presentadas polos interesados en relación coa proposta provisional de resolución.

Vista a proposta definitiva de resolución emitida polo órgano instructor do procedemento en data 30 de novembro de 2.007.

Visto que se cumpriron todos os trámites previos que marcan a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda e as Bases Reguladoras Específicas da Convocatoria para o Outorgamento de Subvencións para Actividades Culturais no Concello de Silleda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO:** Desestimar ás alegación formuladas pola Asociación de Baile Xuvenil Fortín da Pomba de Bandeira, en data 21 de novembro de 2.007, con número de rexistro de entrada 7448, polos seguintes motivos:

- En relación á diferenza de 1.500,00 euros existente entre a subvención provisionalmente concedida á Asociación Cultural Xirandola e a provisionalmente concedida á Asociación Cultural “Fortín da Pomba” está xustificada na celebración por parte da primeira das Asociacións citadas do seu 20 aniversario.
- En relación á ausencia dun dos membros da Comisión de Valoración na data en que se elaborou o informe de avaliación das solicitudes presentadas, debo sinalar que a Comisión de Valoración reuniuse en data 12 de novembro de 2.007 coa presenza dos seus tres membros, e así consta no informe de avaliación elaborado por este órgano e firmado polos seus tres membros, que forma parte integrante do expediente de outorgamento de subvencións para actividades culturais.

**SEGUNDO:** Desestimar a solicitude de subvencións, por non reunir os requisitos para a súa concesión, das seguintes solicitudes presentadas:

- Asociación Amigos da Festa do Churrasco
- Asociación Cultural y Vecinal Amigos de Santa Lucía
- Asociación de Mulleres Rurais Santa Isabel

**TERCEIRO:** Conceder as seguintes subvencións ós beneficiarios que se indican a continuación de acordo co seguinte detalle:

ASOCIACIÓN/COLECTIVO	CANTIDADE SOLICITADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	TOTAIS
Asoc. Cultural “Vista Alegre”	7.815 □□□	Encaixe de bolillos (500 □□□) Festa papá Noel (200 □□□) Visita fogares P.Noel (200 □□□) Curso Restauración(500 □□□) Celebración 25 aniversario (3.000 □□□)	4.400 □□ □
Asoc. Intercultural “Sta. Ferreña”	3.000 □□□	Encontros (500 □□□)	500 □□□

ASOCIACIÓN/COLECTIVO	CANTIDADE SOLICITADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	TOTAIS
Asoc. Sociocultural “Adellís”	2.250 □□□	Celebración Letras Galegas (500 □□□) VIII Maratón Cine (500 □□□)	1.000 □□ □
Banda Música de Silleda	20.000 □□□	Director (7.200 □□□) Certame Pontevedra+Viaxe Valencia:2.500 □□□)	9.700 □□ □
Banda Música Bandeira	20.000 □□□	Celebración 25 aniversario (1.500 □□□) Director (7.200 □□□)	8.700 □□ □
Coral Polifónica Trasdeza	18.070 □□□	Director (2.400 □□□)	2.400 □□ □
Asoc. Cultural “Xirandola”	2.700 □□□	Festival aniversario 1.500 □□□	4.200 □□ □
Asoc. Cultural “Fortín da Pomba”	4.576 □□□		2.700 □□ □

**CUARTO:** Remitir esta proposta de resolución definitiva, de conformidade co artigo 7 das Bases reguladoras específicas da convocatoria para o outorgamento de subvencións para actividades culturais do Concello de Silleda á Intervención para o seu informe, debendo elevarse o expediente completo, co informe de Intervención, á Xunta de Goberno Local, que resolverá o expediente de concesión de subvencións.

## 5º.- URBANISMO.-

### 5.1.- Actividades Clasificadas

**5.1.1.-** Licencia Nº 1172/07.Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> ROSA DOMÍNGUEZ COLMENERO, solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a salón de té, ubicado na rúa Veenzuela, nº 1 baixo (Silleda).

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

**RESULTANDO:** Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 24 de setembro de 2007, (Rexistro de Entrada nº 4427, de data 01 de outubro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, S.C.D., e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.

- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Non superará os 80 dB (A) no interior do local, que traballará coas portas e fiestras pechadas. Instalarase limitador de son, precintado polo concello, por debaixo de 70 dB (A) para a cadea de música segundo proxecto.

Non se instalará cociña.

Xestionará todos os residuos xerados pola actividade -conforme do recollido na normativa vixente- con xestores autorizados segundo sexa a súa tipoloxía.

Os equipos/dispositivos de ventilación/climatización estarán dotados de illamento acústico e elementos antivibratorios, cpondrán con sistemas de ralentización da velocidade de saída do aire e situaranse lonxe de ocos e/ou ventás de vivendas próximas.

**RESULTANDO:** Que o lugar de emprazamento non está en contradicción coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

**CONSIDERANDO:** Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**5.2.1.-** Examinado o expediente promovido por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL CARMEN SEOANE RODRÍGUEZ, en virtude de instancia nº 4708 de data 21 de novembro de 2005, solicitando Licencia de actividade para apertura de vivenda para dedicala ó turismo rural, situada no lugar de Requeixo, s/n, parroquia de Cervaña (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta D<sup>a</sup> Araceli Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 17 de novembro de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

**RESULTANDO:** Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

**RESULTANDO:** Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., presentándose unha alegación contra o mesmo por D<sup>a</sup> Rosario Pereiras Fernández (rexistro de entrada nº 5132, de data 26 de decembro de 2005) resolta no seu día (informe do asesor técnico de data 05 de abril de 2006), e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 10 de decembro de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 4708/05 instada por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL CARMEN SEOANE RODRÍGUEZ, para apertura de vivenda para dedicala ó turismo rural, situada no lugar de Requeixo, s/n, parroquia de Cervaña (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica previa, e unha vez obtida remitirase á delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

## **5.2.- Licencias de Obra Maior.**

**5.2.1.-** Examinado o expediente promovido por D<sup>o</sup> JOSÉ MANUEL TORRES GONZÁLEZ, en virtude de instancia nº 4557 de data 08 de outubro de 2007, solicitando Licencia para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, situada na finca nº 1154, polígono 11, do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, no lugar da Coelleira, s/n, parroquia de Parada (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto D<sup>o</sup> Antonio R. Albacete Giménez, visado polo Colexio Oficial en data 28 de setembro de 2007, e cun orzamento de execución material de 86.390,50 €.

Visto o informe do Asesor Técnico Municipal, de data 04 de decembro de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 4557/07 instada por D<sup>o</sup> JOSÉ MANUEL TORRES GONZÁLEZ, para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, situada na finca nº 1154, polígono 11, do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, no lugar da Coelleira, s/n, parroquia de Parada (Silleda),

2º.- Remiti-lo expediente completo á delegación provincial da Consellería de Política

Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica previa.

### **5.3.- Cambio de titularidade.**

**5.3.1.-** Dase conta do escrito presentado por D<sup>a</sup> ISABEL PEDREIRA GONZÁLEZ, Rexistro de Entrada nº 7665, de data 04 de decembro de 2007, solicitando cambio de titularidade da licenza municipal de apertura denominado “Bar Papos”, situada na rúa Cartaxena, nº 12 (Silleda), dedicado a café-bar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda requerir a D<sup>a</sup> Isabel Pedreira González para que, no prazo de dez días, contados a partir da recepción deste acordo, presente copia da anterior licenza e escrito asinado polo antigo e novo titular do negocio no que ambos manifesten estar dacordo en proceder o cambio da titularidade.

### **6º.- INTERVENCIÓN.-**

**6.1.-** Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00029-07, de data 10 de decembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 27.210,99 €; e levantar o reparo suspensivo e posterior aprobación da relación nº 00030-07, de data 10 de decembro de 2007, que ascende a un importe total de 23.548,00 € (Relaciones en Anexo adxunto).

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA